

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL

**2798** Orde SAS/346/2010, do 19 de febreiro, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, polo que se regulan os produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa vixente nesta materia e incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos, e as súas posteriores modificacións.

Co fin de incorporar as novas directivas comunitarias, o referido real decreto foi posteriormente modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e polo Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro, así como por sucesivas ordes que modificaron os seus anexos.

Na actualidade, hai trinta e unha substancias para tinturas capilares cuxo uso se permite provisionalmente nos cosméticos ata o 31 de decembro de 2009, nas condicións establecidas na segunda parte do anexo III. A pesar dos esforzos da industria cosmética e do Comité Científico de Seguridade dos Consumidores (CCSC) da Comisión Europea para a súa avaliación, precísase un prazo que supera a data establecida, polo que é necesario prorrogar o prazo para o seu uso provisional.

Procedía, en consecuencia, modificar a Directiva 76/768/CEE, o que se levou a cabo coa aprobación da Directiva 2009/159/UE, do 16 de decembro, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, sobre produtos cosméticos, co fin de adaptar o seu anexo III ao progreso técnico, cuxas disposicións se traspoñen ao ordenamento xurídico interno mediante esta orde, e para o que resulta necesario introducir novos cambios no anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro.

Esta orde dítase en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, que faculta o titular do Ministerio de Sanidade e Política Social para a actualización dos seus anexos cando o estableza a normativa comunitaria.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

A segunda parte do anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, queda modificada do seguinte modo:

Na columna «g» dos números de orde 3, 4, 5, 6, 10, 11, 12, 16, 19, 20, 21, 22, 25, 26, 27, 29, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 44, 48, 49, 50, 55 e 56 do anexo III, parte 2, a data «31.12.2009» substitúese por «31.12.2010».

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico a Directiva 2009/159/UE, do 16 de decembro, pola que se modifica o anexo III da Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa a produtos cosméticos, para adaptalo ao progreso técnico.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de febreiro de 2010.—A ministra de Sanidade e Política Social, Trinidad Jiménez García-Herrera.